

# Salarios desde o punto de vista do perceptor: Salario bruto anual segundo o nivel de estudos

Resumo de resultados 21/05/2021

## ÍNDICE

Salario bruto anual segundo o nivel de estudos .....	1
Salario bruto anual segundo o sexo e o nivel de estudos .....	2
Distribución do salario bruto anual segundo o nivel de estudos .....	2
Definicións, fontes e más información .....	4


## Salario bruto anual segundo o nivel de estudos

Os salarios atópanse moi influídos polo nivel de estudos do traballador; canto máis alto sexa este último máis elevado será o seu salario. En Galicia, do mesmo xeito que en España, os traballadores con nivel de estudos igual ou superior ás ensinanzas de formación profesional de grado superior teñen salarios por enriba da media.

### Salario bruto anual segundo o nivel de estudos. Galicia e España. Ano 2018

Unidade: Euros

Nivel de estudios	España	Galicia
Total	24.009,12	22.244,59
Menos que primaria	15.190,30	..
Educación primaria	17.318,04	16.438,14
Primeira etapa de educación secundaria	18.554,04	17.211,49
Segunda etapa de educación secundaria	22.246,72	21.616,11
Ensinanzas de formación profesional de grao superior e similares	25.751,09	24.028,23
Diplomados universitarios e similares	29.895,43	27.392,31
Licenciados e similares e doctores universitarios	37.869,24	36.639,26



En Galicia, os traballadores con educación primaria teñen unha remuneración inferior nun 26,10 % ao salario medio; pola contra, o grupo dos licenciados e similares e doutores universitarios, percibe un salario medio anual un 64,71 % superior á media.

## Salario bruto anual segundo o sexo e o nivel de estudos


As diferenzas nos salarios entre homes e mulleres diminúen a medida que se incrementa o nivel de estudos alcanzado polos traballadores. Así, mentres no ano 2018 en Galicia, o salario das mulleres con nivel de estudos “Menos que primaria, primaria e secundaria 1<sup>a</sup> etapa”, representa o 68,57 % do salario dos homes, nos traballadores con educación “Terciaria”, esta porcentaxe alcanza o 74,01 %.

Por outra parte, a análise do nivel de estudos alcanzado, non entre sexos senón dentro de cada sexo, amosa que os salarios das mulleres con educación terciaria son un 99,27 % superiores aos das mulleres do primeiro grupo; nos homes esta porcentaxe é do 76,20 %. Esta situación reflicte unha maior diferenza nos salarios segundo o nivel de estudos nas mulleres que nos homes.

### Salario bruto anual segundo o sexo e o nivel de estudos. Galicia. Ano 2018

Unidade: Euros

Nivel de estudos	Total	Homes	Mulleres
Total	22.244,59	24.826,91	19.543,17
Menos que primaria, primaria e secundaria 1 <sup>a</sup> etapa	16.849,67	19.475,18	13.353,97
Secundaria 2 <sup>a</sup> etapa e postsecundaria non terciaria	21.616,11	24.890,10	18.421,74
Terciaria	29.995,66	34.314,82	26.610,93




## Distribución do salario bruto anual segundo o nivel de estudos

Mentres pouco máis do 10 % dos asalariados con nivel de estudos “Menos que primaria, primaria e secundaria 1<sup>a</sup> etapa” perciben salarios superiores a 26.000 euros, nos que teñen nivel de formación “Secundaria 2<sup>a</sup> etapa e postsecundaria non terciaria” esta porcentaxe está próxima ao 25 % e nos de educación “Terciaria” está moi cerca do 50 %.

## Percentís do salario bruto anual segundo o nivel de estudos. Galicia. Año 2018


Unidade: Euros

Percentil	Menos que primaria, primaria e secundaria 1ª etapa	Secundaria 2ª etapa e postsecundaria	Terciaria non terciaria
Percentil 10	6.621,01	10.260,30	11.482,70
Percentil 25	11.736,70	14.227,01	17.284,27
Percentil 50	16.303,20	18.708,20	25.963,71
Percentil 75	20.309,33	26.317,74	35.320,52
Percentil 90	26.118,63	36.408,23	51.101,24



No gráfico das curvas de densidade dos salarios segundo o nivel de estudos pódese observar que nos traballadores con educación “Terciaria” os salarios están moito máis dispersos que nos outros dos grupos.

Por outra parte, os salarios dos traballadores con nivel de estudos “Menos que primaria, primaria e secundaria 1ª etapa” son os máis baixos e os que presentan maior concentración en torno ao valor modal (pico da curva), tal e como reflicte o feito de que a curva de densidade deste grupo sexa a que aparece máis desprazada cara á esquerda e ademais a que presenta un pico máis pronunciado.



## Definicións, fontes e máis información

### Definicións

- Definicións

### Descarga de datos

- Salario bruto anual por nivel de estudios. Galicia e España
- Salario bruto anual por sexo e nivel de estudios. Galicia
- Percentís do salario bruto anual segundo o sexo e o nivel de estudios. Galicia

### Fontes de información

IGE. Elaboración propia a partir dos microdatos da Encuesta de Estructura Salarial elaborada polo INE